

IBADER

*Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural*

CONVOCATORIA PARA O INGRESO NO IBADER COMO INVESTIGADORES/AS VINCULADOS/AS.

1

Dentro do Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno da USC de 18 de outubro de 2017, e de acordo coa Proposta de Reformulación dos Institutos da USC, aprobada na sesión ordinaria do Consello de Goberno da USC de 1 de decembro de 2017, o Instituto Universitario de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural da USC (IBADER) reformou o seu regulamento de réxime interno, que foi aprobado na sesión ordinaria do Consello de Goberno da USC, 29/10/2019.

No mencionado Regulamento indicase que "O director ou directora do IBADER abrirá, con periodicidade de dous anos, un prazo de presentación de solicitudes para ser investigador vinculado". Así pois, o Consello Científico do IBADER, na sesión ordinaria de 29/10/2020, acorda proceder á apertura da convocatoria formal a tal fin.

1.- OBXETO DA CONVOCATORIA

A finalidade desta convocatoria é abrir o prazo de solicitude de ingreso ao IBADER, para investigadores/as vinculados/as, de acordo co procedemento establecido no Regulamento de réxime interno do IBADER e co Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC.

2.- DESTINATARIOS

Persoal docente e investigador (PDI) da USC.

3.- REQUISITOS

3.1.- Para ser investigador/a vinculado/a ao IBADER, será necesario ser profesor/a contratado doutor ou profesor/a doutor funcionario da USC.

3.2.- Os Investigadores/as vinculados ao IBADER no poderán formar parte como investigadores/as de outros Institutos Universitarios de Investigación, Centros Singulares ou Centros Propios da USC.

3.3.- Los investigadores/as vinculados levarán a cabo súa actividade dentro dos ámbitos fixados no Plan de Acción del IBADER.

IBADER

*Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural*

4.- SOLICITUDES

Quen desexe participar no proceso de ingreso da presente convocatoria deberá facelo constar por escrito, mediante solicitude dirixida ao Sr. Director/a do IBADER

Para seren admitidos, os solicitantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.

A presentación da solicitude supón a aceptación das bases por parte de cada solicitante.

5.- DOCUMENTACIÓN

5.1.- Ademais da instancia de solicitude, os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

5.1.A.- Xustificante que poña de manifesto a súa condición actual como Profesor Docente Investigador na USC, acorde cos requirimentos fixados nesta convocatoria.

5.1.B.- Curriculum Vite no que se recollan as achegas de I+D+i, principalmente dos últimos dez anos, dos seus méritos de investigación e idoneidade cos obxectivos, fins e liñas do IBADER.

5.1.C.- Actividades que pretende levar a cabo no caso da súa incorporación no IBADER acordes cos ámbitos de actuación do IBADER descritos no seu Plan de Acción.

5.1.D.- Declaración responsable do seu compromiso de permanencia no IBADER que terá como mínimo unha duración de tres anos. E poderá ser renovado en sucesivos períodos cada tres anos.

5.1.E.- Declaración responsable de non estar vinculado/a a ningún outro Instituto de Investigación, Centro Singular ou Centro Propio da USC.

5.1.F.- Informe do Departamento, ao que está adscrito/a, respecto á correspondente vinculación ao IBADER

5.1.G.- Calquera outra documentación que considere de interese para a súa aceptación como investigador/a vinculado ao IBADER

Nos caso de PDI da USC que na actualidade forma parte do persoal investigador do IBADER, xa sexa como investigadores individuais ou integrados nos grupos de investigación adscritos ao IBADER, e que figuran en la relación contida na última memoria de actividades do IBADER aprobada por seu Consello Científico

IBADER

*Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural*

(19/07/2020), estarán eximidos de entregar os documentos referidos Mos puntos:
5.1.A, 5.1.F.

Os ficheiros coa correspondente documentación estarán dispoñibles na páxina web do
IBADER

<http://www.ibader.gal/seccion/596/Convocatoria.html>

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes dirixiranse ao Sr. director do IBADER, no prazo de 20 días hábiles
dende a publicación no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da USC.

7.- LUGAR DE PRESENTACIÓN

A presentación de solicitudes farase no Rexistro electrónico da USC
(<https://sede.usc.es> > Rexistro electrónico), de acordo co establecido na Lei 39/2015,
do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8.- NOTIFICACIÓNS

De conformidade cos artigos 40 a 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do
procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións
practicaranse por vía electrónica, a través do Taboleiro Electrónico da Sede
Electrónica da USC, lugar onde se efectuarán as sucesivas comunicacións.

9.- ADMISIÓN DAS SOLICITUDES DOS INVESTIGADORES

Nos 10 días hábiles seguintes, despois de finalizado o prazo de presentación de
solicitudes, publicarase a relación de solicitantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior, os/as investigadores non
admitidos/as ou excluídos/as poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos/as, no
prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando
excluídos/as definitivamente de non facelo.

Rematado este prazo, publicarase a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

10.- PROCEDEMENTO DE AVALIACION DAS SOLICITUDES

10.1.- O proceso de avaliación das solicitudes constará de dúas fases:

IBADER

*Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural*

10.1.A.- Publicada a relación definitiva das solicitudes referidas no punto 9 desta convocatoria, as admitidas serán estudias polo Consello científico do IBADER para comprobar que reúnen os requisitos e condicións de acceso esixidas para ser investigador/a vinculado/a ao IBADER.

En caso de que la documentación presentada por algún investigador/a no se axuste aos criterios do punto 5 desta convocatoria, requirirase ao solicitante a corrección da mesma, nun prazo de 10 días hábiles.

Feita a comprobación dos requisitos e no seu caso a corrección da documentación polos interesados, o Director do IBADER dará traslado aos membros da Comisión Avaliadora Externa.

10.1.B.- A Comisión Avaliadora Externa, reunida de forma presencial en Lugo, o a través de medios telemáticos, analizará a documentación presentada por cada un dos investigadores, emitindo unha valoración favorable o desfavorable da súa incorporación como Investigador/a Vinculado do IBADER.

Acorde co Regulamento de Réxime Interno do IBADER a Comisión Avaliadora Externa, na valoración das solicitudes terá en conta os seguinte aspectos:

- 1.- Recoñecemento de méritos por actividade investigadora, Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), ou pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- 2.- Traxectoria investigadora e docente realizada, coherente cos ámbitos de actuación establecidos no IBADER.
- 3.- Dirección ou participación en proxectos de I+D+i de convocatorias públicas.
- 4.- Dirección ou participación en contratos ou convenios con entidades públicas ou privadas, especialmente de aquelas integradas nas liñas nos ámbitos de actuación do IBADER.
- 5.- Publicacións científico-técnicas.
- 6.- Dirección de Teses de Doutoramento e traballos academicamente dirixidos.
- 7.- Actividades de Difusión vencelladas cos obxectivos do IBADER.
- 8.- Patentes.
- 9.- Participación en Comités Consultivos ou Comités Asesores.
- 10.- Experiencia en cargos de xestión universitaria vencellados coa I+D+i.
- 11.- Colaboración científico-técnica coas entidades que forman parte do IBADER.

10.2.- Concluído o proceso de avaliación dos investigadores/as vinculados, o Consello Científico tramitará ante o Consello de Goberno da USC a baixa dos actuais membros que non solicitasen o seu ingreso ou ben daqueles cuxa solicitude fose avaliada negativamente. Abrindo ademais un prazo para a incorporación dos investigadores/as non permanentes, investigadores/as en formación e investigadores/as colaboradores, concluíndo así o proceso de conformación do novo censo de investigadores/as do

IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Campus Terra. Universidade de Santiago. E-27002 Lugo

☎ +34 982 824 500 Fax +34 982 824 501

✉ ramil-rego@gmail.com

IBADER

*Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural*

IBADER en cada unha das categorías, que se elevará a definitivo no momento en que se convoquen a eleccións para a renovación do Consello Científico. Ata esa data o IBADER seguirá contando cos actuais membros.

5

11.- RESOLUCIÓN FINAL

Contra a presente convocatoria, poderá interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo a 02/12/2020.



Pablo Ramil Rego
Director do IBADER

IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Campus Terra. Universidade de Santiago. E-27002 Lugo

☎ +34 982 824 500 Fax +34 982 824 501

✉ ramil-rego@gmail.com